



BOLETIN CULTURAL DA ASOCIACIÓN
HERMINIO BARREIRO.

Editorial.

Estamos en Xullo xa. Calor (por fin), vacacións, praia, verbenas...Un verán galego en todo o seu esplendor. Este mes ofrecemosvos como autor a Ramón Conde, un gran escultor, recoñecido internacionalmente e con obras moi coñecidas por toda Galicia, como os redeiros da Gran Vía de Vigo, sen ir máis lonxe.

Saudos.

Indice:

- Persoeir@ do mes: **Ramón Conde.**
- Que vai ocorrer este mes en Ribadumia.
- Última paxina. **E fixemos o Cacho!!**

Persoeir@ do mes:



Ramón Conde nace en Ourense el 18 de decembro de 1951. Dende neno mostra interés polo arte, ensaiando con lapis e papel las formas de su entorno. De los lápices pasa con toda naturalidade ó lenzo e, posiblemente debido á influencia de seu pai (que esculpía en pedra) salta directamente a la escultura.

En 1971 ingresa na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago. Neses anos descobre a psicoanálise, feito que influirá enormemente no seu mundo intelectual e artístico, pola importancia das teorías de Freud e dos mundos oníricos na concepción das súas obras. Nese mesmo ano realiza a súa primeira exposición colectiva no Museo Arqueolóxico de Ourense e, un ano despois, regresa a esta mesma sala coa súa primeira exposición individual.

A marxe da súa creación como inquietude vital, comeza a recibir una serie de encargos para situar grupos escultóricos en diferentes lugares de Galicia, que desvelan a súa capacidade para deixar o seu selo persoal, incluso naqueles traballos que non saíron do seu universo onírico.

Así, nestes anos realiza as súas primeiras obras públicas, como o "Gardián" dea Torre de Hércules ou la "Paternidade" dea Sagrada Familia (en A Coruña), e comeza a súa proxección internacional.

En 1987 participa na "Feira Arco" a través da Galería Sen (Madrid), e establece os seus primeiros contactos con galerías internacionais.

En 1988 é seleccionado no Salón D'Autonne en Grand Palais de París, expón no Salón des Indépendentes, na Exposición Internacional de Nogent Sur Marne, e no Espace Delpha e en L'orient.

En 1991 inaugura "Os Redeiros" na Gran Vía de Vigo, unha das súas obras más emblemáticas. Ese mesmo ano é convidado polo Rector da Universidade de Houston, Downtown (EEUU) como profesor visitante.

En 1992 realiza unha exposición no recinto feiral da Exposición Internacional de Sevilla.

En 1993, trasládase á cidade mexicana de Monterrey, onde ten relación coa Galería Ramis Barket.

En 2001, 2002 y 2003 participa en la Feria PortoArte (Portugal).

En 2003 realiza as súas primeiras exposicións en Alemaña: no Consulado de España en Hannover e na Kommunale Galerie de Charlottenburg en Berlín. Ese mesmo ano expón na The Gallery in Cork Street en Londres. Dende 2004 ten varias obras en The Pride of the Valley Sculpture Park en Surrey (Reino Unido).

En 2005 realiza unha exposición de grandes obras pola Rua do Paseo de Ourense e no exterior do edificio do Concello.

Nestes anos realizou outros momentos públicos en varias cidades de Galicia: como o "Arco de Triunfo" (en Lugo), o monumento a "Alonso III de Fonseca" (no Claustro do Palacio de Fonseca, en Santiago de Compostela), o monumento a "Colemán e Reverter" e "A Leiteira" (en Ourense), o "Fiel Contraste" (en Pontevedra) ou a "Homenaxe á emigración" (en Vigo).

En 2012 participa na Feira Art Madrid.

En 2013 realiza una exposición na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela

Actualmente, o seu estudo encontrase en Milladoiro, preto de Santiago de Compostela.

Exemplos da súa obra:



O vixiante, A Coruña



Os redeiros, Vigo



Fiel Contraste, pontevedra



Leiteira, ourense

Fonte desta información, a interesante paxina do propio autor: <http://www.ramonconde.com>

Que vai ocorrer este mes en Ribadumia:

Programación Cervexeria Encontro:

- Venres 05, as 00:00, concerto de *Rambling Rosse*.
- Venres 12, as 00:00, concerto de *Al Vila*.
- Venres 19, as 00:00, concerto de *Lonegan*.
- Venres 26, as 00:00, concerto de *Outro Carallo*, un novo e interesante grupo local.

Outras citas:

- domingo 7 de xullo, a partir das 15:00 **FESTA DOS INCHABLES NA PISCINA**, con inchables para todos os nenos
- Todos os xoves do mes de Xullo, na plaza do concello de Ribadumia., as 20:30 horas, **XOVES ANIMADO**, con hinchables e animación infantil.

última paxina.

Esta paxina é para vos. Enviádenos aquilo que vos desexedes colgar, ben sexa un poema, un relato(máis ben breve, para cousas mais longas temos un lugar na web), ou un artigo de opinión (por favor, inda que a temática é libre recordade que este boletín non ten paixón nin intención política, nin podemos permitir polo ben da promoción da nosa cultura certos vocabularios ou actitudes) .. ou calquera desvarío que se vos ocorra

Mentres tanto, deixamosvos o artigo sobre a actividade de recollida de herbas de San Xoan, xa publicado na web.

E fixemos o cacho!!



Na mañá do 23 de Xuño, como habiamos anunciado, levamos a cabo unha saída pola ruta da pedra e da auga coa intención de recoller flores para facer auga de San Xoan ou, o que ven a ser o mesmo, facer o cacho.

Foi unha mañá moi interesante. Coa sorte de ter por fin algo de bo tempo xuntámonos trinta persoas, moitos deles nenos, que compartiron esta vella costume con nais, pais e algunha que outra sabia avoa, aprendendo os nomes das plantas e as súas utilidades. Distribuímos un pequeno libreto con fotos das plantas mais coñecidas e os seus usos tradicionais, unha guía que a posteriori demostrou ser moi practica pero incompleta, vista a enorme variedade de flores que

recollemos. Porque recollemos case de todo. Fiuncho, margarita, bieito, ortensia, ruda, fento macho, flor de chopo, rosa silvestre, espadaina, menta, loureiro, nogueira, carrasco, xesta, croques, malva, ata a moi rara de ver herba de San Xoan. E as que non encontramos, como herba luisa ou romeu, unha moza moi amable tróuxonos uns anacos do seu xardín. Aprendemos moito sobre as diferentes variedades que hai da mesma planta, como o fiuncho, do que topamos varios tipos ou do loureiro, que cando se colle para usar na festa de ramos ou para facer o cacho ten que ser “loureiro rei” e ningún outro. Paseamos, falamos de tradicións e costumes e vellas cousas que se están perdendo, e os nenos pasárono en grande cunhas tesoiras escolares na man, e permiso para utilizalas.

O final todos marchamos para as nosas casas con idea de añadirlle o noso toque (petalos de rosa, xeranio, xazmin, lavanda...) e de buscar a auga de sete fontes para rematar a faena, e así poder lavar a cara pola mañá de San Xoan con esa auga purificada.

Dende a asociación Herminio Barreiro queremos dar as gracias as todas as persoas que participaron desta pequena actividade.

Vémonos o próximo mes. Feliz verán.

<http://ascuncasculturais.wordpress.com/>

